

Roberto Varela Gestal, con NIF 32.790.604-X, secretario nacional da CIG-Autónomica, co enderezo válido para os efectos de notificacións indicado na cabeceira deste escrito e no enderezo de correo electrónico [autonomica@cigadmon.org](mailto:autonomica@cigadmon.org), en nome e representación desta organización sindical, presento as seguintes

***Alegacións ao proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galiza.***

No que se refire ás modificacións puntuais que propón a Administración queremos manifestar o seguinte:

#### Artigo 7. Modificación de ámbitos e datos persoais

Estamos totalmente de acordo en que as modificacións de datos persoais produzan efectos na xestión das listas dende o día seguinte da súa presentación, xa que considerábase excesivo o prazo anterior de 15 días. Esta modificación supón un avance pero cremos que non é positivo a obriga de facelo unicamente mediante presentación electrónica. Entendemos que hai que camiñar cara a ese sistema pero a día de hoxe aínda hai moitos/as usuarios/as das listas de contratación que teñen dificultades para utilizar o sistema de presentación telemática exclusivamente, polo que propoñemos que se manteña tamén a posibilidade de facer ditas modificacións mediante rexistro en papel, informando aos usuarios/as de que vai tardar máis deste xeito que si se fai telematicamente.

#### Artigo 15. Suspensión de chamamentos

É unha vella reivindicación da CIG que a suspensión de chamamentos fose efectiva dende o día seguinte ao que se solicita, polo tanto entendemos que este feito mellora considerablemente o funcionamento do sistema de listas de contratación e tamén repercute positivamente nos/as usuarios/as de listas xa que unha porcentaxe moi alta de penalizacións que se estaban recibindo na Comisión Permanente eran derivadas precisamente dos 10 días en que tardaba en facerse efectiva a suspensión dende que o/a usuario/a a solicitaba.

Tamén consideramos positivo o non ter que estar renovando suspensións constantemente e que se manteña mentres o/a interesado/a non presente solicitude de incorporación. O que nos parece excesivo é o prazo de 30 días para que sexa efectiva a incorporación, xa que si se presenta telematicamente non se entende que teña que esperarse tanto tempo. Pensamos que 15 días sería máis que suficiente.

Por outra banda, a CIG entende que se debía profundizar un pouco máis nos problemas derivados da xestión da suspensión de chamamentos para mellorar outros aspectos. Botamos en falta tratar o tema da duración da suspensión de chamamentos xa que consideramos que é excesivo que o mínimo sexa de dous meses. Entendemos que se debería poder pedir suspensión de chamamentos para períodos máis pequenos xa que esta situación supón, por exemplo, que unha persoa por unha enfermidade común pola que podería estar en activo en 15 días, debe esperar un mínimo de dous meses para voltar a estar dispoñible para traballar.

#### Artigo 17. Situación nas listas

Neste artigo non se propón ningún cambio sustancial, máis que trasladar as penalizacións por renuncia nas listas a un novo artigo (18). De todos os xeitos, entendemos que as listas de contratación xeran emprego

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REXISTRO DE TRABALLO E BENESTAR  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 06/11/2015 13:59:58

ENTRADA 23384 / RX 2233120



temporal para subsanar situacións de necesidade para a administración e que todas as persoas se apuntan nas listas cunhas expectativas de traballo pero tamén cremos necesario que se abra un debate para replantexar o tema das penalizacións.

#### Artigo 18. Penalización

Valoramos positivamente que se teña admitido a nosa petición de non penalizar a renuncia a prazas de xornada igual o inferior á metade da xornada ordinaria ou de carácter discontinuo con actividade igual ou inferior a seis meses. Pero, a pesar de estar de acordo con esta modificación, pensamos que hai solucións alternativas que consideramos que mellorarían a situación, que cubrirían as necesidades da administración e tamén beneficiarían aos traballadores, como por exemplo abrir unha lista específica para este tipo de contratos.

Respecto a que as persoas que queiran renunciar teñan que presentar un preaviso 20 días antes, pensamos que iso pode significar que o traballador renuncia voluntariamente ao posto de traballo e podería quedar sen cobrar a prestación por desemprego se tivese dereito. Habería que valorar se se pode poñer outra figura similar que non teña esas consecuencias para o traballador/a.

Tamén pensamos que neste apartado deberíanse revisar as causas de penalización, tendo en conta a situación de precariedade laboral deste momento.


Respecto á incorporación dos integrantes penalizados pensamos que facelo de xeito automático pon fin a multitude de casos nos que a penalización non era dun ano senón que acababa sendo de bastante máis tempo en función da data da penalización. Isto mellora considerablemente a situación, pero entendemos que non debe ser necesaria a solicitude previa en caso de querer voltar á lista, senón ao contrario, que se produza de xeito automático salvo que a persoa afectada comunicase expresamente o seu desexo de non incorporarse.

Unha vez expostas as alegacións ás modificacións propostas pola administración, queremos manifestar que consideramos de urxente necesidade a redacción dun novo decreto de listas que se adapte aos tempos e á situación laboral actual. Este decreto cando se asinou mellorou considerablemente a situación daquel momento, pero pasaron xa 10 anos e, pese a que as modificacións que se propoñen consideramos que o melloran, tamén consideramos que son insuficientes e que é necesario negociar un novo decreto no que se profundice en todos os temas que afectan ao seu funcionamento.

**Froito desta valoración, dende a CIG solicitamos a convocatoria con carácter inmediato e urxente dun proceso negociador que camiñe cara a elaboración dun novo decreto de listas.**

Compostela, 6 de novembro de 2015

O secretario nacional da CIG-Autónomica



Roberto Varela Gestal